



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO DE STANDS, MOQUETA E CARPAS PARA A CELEBRACIÓN DE EXPO ORDES E FESTA DOS MAIORES 2018.

1. Obxecto e réxime xurídico.

O obxecto do contrato é a subministración, en réxime de alugueiro, de stands, moqueta e carpas necesarios para a celebración de Expo Ordes e a Festa dos Maiores 2018, así como a súa montaxe e desmontaxe no campo da Feira da Vila de Ordes, de conformidade coas prescricións técnicas que se achegan xunto cos presentes pregos.

O presente contrato ten a clasificación de contrato administrativo mixto (artigo 12 TRLCSP), toda vez que xunto coa subministración inclúese a súa montaxe e desmontaxe, se ben a prestación que ten máis importancia desde o punto de vista económico é a subministración.

O código correspondente da clasificación nacional de produtos por actividades (CPA 2008) é 77.39.19, sendo a súa codificación CPV 39154100-7.

2. Necesidades a satisfacer

O Concello de Ordes, en cumprimento das competencias que lle son propias ao abeiro do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, entre as que se atopa a promoción económica e feiras, celebra anualmente a feira Expo Ordes, para a que resulta precisa a instalación dunhas infraestruturas coas que non conta. Así mesmo a promoción social do colectivo da terceira idade entra dentro das competencias atribuídas pola normativa vixente aos Concellos. Por tratarse de dúas actividades puntuais resulta economicamente máis rendible o alugueiro deses medios, debendo, a maiores, realizarse os ditos traballos por persoal especializado co que non conta o Concello.

3. Réxime xurídico do contrato

O presente contrato, que ten carácter administrativo e a natureza propia dun contrato mixto, no que a subministración é a parte máis importante economicamente, réxese polo presente prego de cláusulas administrativas particulares, polo prego de prescricións técnicas particulares, polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (en diante, TRLCSP) e, en canto non se atope derogado por esta, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en diante, RXLC). Dun xeito supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falla, as normas de dereito privado.

En todo caso, será de aplicación respecto do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas o establecido no artigo 68.3 do RXLC.

Os licitadores e o contratista aceptan de forma expresa a súa submisión á lexislación anteriormente citada, ao prego de prescricións técnicas particulares e ao presente prego de cláusulas administrativas particulares que, coa súa Folla Resumen, os seus Anexos e as súas Cláusulas Adicionais, terán carácter contractual e serán, xa que logo, de obrigado cumprimento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo ou das instrucións, normas ou pregos de toda índole que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obrigaón do seu cumprimento.

En concreto, terán o carácter de documentos contractuais, pola orde de prelación en que se indican, os seguintes:

- O presente prego de cláusulas administrativas xunto coas follas resume.
- O prego de prescricións técnicas particulares.
- A oferta do adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato e, de ser o caso, os acordos subscritos entre o Concello e o contratista como consecuencia da execución das previsións contidas no contrato, incluídos os seus anexos e apéndices. Así como calquera outro documento polo que se modifiquen, complementen ou desenvolvan, acordado con suxeición ao disposto nos presentes pregos e no contrato e debidamente aprobado polo órgano de contratación.

4. Prazo de execución.

O prazo de execución do contrato será os días 27, 28 e 29 de abril de 2018, e 5 de maio de 2018. Non obstante o adxudicatario terá un prazo para a montaxe e desmontaxe dos elementos precisos, o cal deberá precisar na súa oferta.

5. Orzamento, existencia de crédito e revisión de prezos.

O prezo de licitación da subministración ascende á contía de 60.300,00 €, que resulta da suma do valor estimado do contrato máis o IVE correspondente.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 do TRLCSP ascende á contía de **49.834,71 €**.

O importe do IVE en relación ao valor estimado do contrato ascende á cantidade de 10.465,29 €.

O sistema de determinación do prezo do contrato, que se formula nos termos establecidos no artigo 87 do TRLCSP, é o de tanto alzado.

As ofertas presentadas que superen o prezo de licitación serán rexeitadas automaticamente. Para todos os efectos entenderase que os contratistas, ao formular as súas proposicións, inclúen dentro delas todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, honorarios do persoal, taxas e toda clase de tributos e, en xeral, cantos outros deba realizar para o correcto cumprimento das prestacións.

Existe crédito axeitado e suficiente, na partida 430.226.99 para facer fronte ás obrigas derivadas da presente contratación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Dado o prazo do contrato en caso ningún terá lugar a revisión de prezos, consonte ao disposto no artigo 89 do TRLCSP.

6. Tramitación do expediente.

O expediente tramitarase de forma ordinaria, ao non concorrer causa ningunha que xustifique a súa tramitación urxente ou de emerxencia, segundo o disposto nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.

7. Procedemento e forma de adxudicación

O presente contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, por ser o valor estimado do contrato inferior a 60.000 €, ao abeiro do disposto nos artigos 173 e 177 do TRLCSP. Enténdese que este procedemento é o máis axeitado debido a que elemento diferenciador do procedemento negociado respecto dos procedementos aberto e restrinxido é que mentres que nestes non existe posibilidade de entrar en negociación sobre a proposta presentada por cada licitador, no procedemento negociado esíxese que previamente se sinalase cál será o obxecto da negociación e que, unha vez verificada esta, fixaranse os termos do contrato, ou dito doutra maneira pecharase o contido dos pregos como soporte no que se fixan os dereitos e obrigas das partes e defínense os pactos e condicións propios do contrato, como consecuencia de tal negociación.

No procedemento negociado será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que isto sexa posible.

No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

8. Órgano de contratación

O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldía presidencia (Decreto de 15/07/2015), ao non superar as contías sinaladas na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que dite a este respecto serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

9. Garantías.

En consonancia co disposto no artigo 103 do TRLCSP, e dado que non se considera que existan circunstancias especiais que así o xustifiquen, os licitadores quedan dispensados da prestación de garantía provisoria.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír, a disposición do órgano de contratación, unha garantía dun cinco por cento do importe de adxudicación, excluído o IVE. A citada garantía poderá prestarse por calquera das formas indicadas no artigo 96 do TRLCSP.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

10. Requisitos dos licitadores.

Poderán concorrer á licitación deste contrato, por si ou por medio de representantes debidamente autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que, de acordo co previsto nos artigos 54 a 59 do TRLCSP, teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nas causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP na data de conclusión do prazo de presentación de proposicións nin tampouco cando se proceda á adjudicación definitiva do contrato e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional ou, cando así proceda, estean debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a tenor do que dispoñan os seus estatutos ou regras fundacionais.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar a súa aptitude para contratar mediante a presentación do informe previsto no artigo 55 do TRLCSP e as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea (ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo) deberán suxeitarse ao disposto no artigo 58 do TRLCSP.

As unións temporais de empresarios deberán aterse ao establecido no artigo 59 do TRLCSP.

11. Lugar e prazo de presentación das proposicións

11.1. O prazo de presentación das proposicións será de **oito días naturais** contados a partires do seguinte ao publicación da convocatoria da licitación no perfil do contratante do concello de Ordes (<http://concello.ordes.gal/perfil-do-contratante>). No caso de que o último día sexa inhábil ou sábado entenderase como de final do prazo o seguinte día hábil (sempre que este non sexa sábado, entendéndose neste caso que se traslada ao inmediatamente hábil seguinte).

11.2. Para participar na licitación os contratistas deberán presentar no Rexistro xeral do Concello (R/Alfonso Senra, 108; 15680 Ordes), en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou enviar por correo dentro do prazo de admisión sinalado no perfil do contratante, os sobres pechados, identificados no seu exterior con indicación da licitación á que concorrán e asinados polo licitador, xunto coa documentación que se indica na cláusula seguinte.

11.3. Cando as proposicións se envíen por correo deberán cumprir cos requisitos sinalados no artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, debendo xustificarse a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición de seren recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen terse recibida a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

11.4. De conformidade co previsto no artigo 145 do TRLCSP, a presentación de proposicións polos interesados supón a aceptación sen condicións por parte do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

empresario da totalidade das cláusulas deste prego, sen excepción ou reserva ningunha, e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración, sen prexuízo da acreditación das mesmas de acordo co especificado na cláusula seguinte.

- 11.5. Unha vez entregada ou remitida a proposición, a mesma non pode ser retirada, salvo por causa debidamente xustificada. As proposicións, que terán carácter segredo, axustaranse na súa forma e contido ao disposto neste prego.

12. Contido das proposicións.

- 12.1. Os licitadores presentarán a súas proposicións mediante a entrega de tres sobres pechados, en cuxo interior farase constar en folla independente o seu contido e o nome do licitador. En cada sobre deberá constar o seu contido (Sobre A: Documentación administrativa; Sobre B: Referencias técnicas; Sobre C: proposición económica), os datos de identificación do licitador (domicilio, teléfono e número de fax, aos efectos de futuras notificacións), así como o lema: “PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO, DE STANDS, MOQUETA E CARPAS PARA A CELEBRACIÓN DE EXPO ORDES E FESTA DOS MAIORES 2018”.

- 12.2. Ningún licitador poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 147 do LCSP para os casos en que se previu a admisión de variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outros se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. A contravención do anterior dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

- 12.3. Os licitadores deberán indicar un domicilio a efectos de notificacións, unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e de fax.

- 12.4. Todos os documentos que se presenten polos licitadores deberán ser orixinais ou ter a consideración de auténticos segundo a lexislación vixente (artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común), podendo tratarse de copias autenticadas notarialmente segundo os requisitos que establece o Regulamento Notarial respecto da legalización e lexitimación ou de copias administrativamente compulsadas nos termos esixidos pola normativa de aplicación.

- 12.5. Consonte ao establecido no artigo 23 do RXLC, os documentos presentaranse en galego ou castelán. As empresas estranxeiras que contraten en España presentarán a documentación traducida de forma oficial ao galego ou castelán e cos requisitos de fidelidade esixidos na normativa vixente.

- 12.6. Os licitadores deberán indicar un domicilio a efectos de notificacións, unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e de fax.

- 12.7. Contido dos sobres:

- 12.7.1. Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Os documentos incluídos ne neste sobre poderán achegarse en orixinal ou mediante copias que teñan carácter de auténticas ou autenticadas conforme á lexislación vixente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Nas unións temporais, tanto de persoas físicas como xurídicas, cada unha dos seus compoñentes presentará a documentación esixida nesta cláusula, acreditando a súa capacidade, personalidade, representación e solvencia nos termos previstos no artigo 59 do TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, na súa redacción dada por Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, no dito sobre incluírase unha declaración responsable do licitador segundo o modelo seguinte:

D./D^a _____ con residencia _____
provincia de _____ rúa _____ n^o _____
, con NIF/Pasaporte/Documento que o substitúa n^o _____, en
nome propio/en representación de _____, con CIF
_____ e domicilio en _____ provincia de
_____ rúa _____ n^o _____ teléfono
_____ á que represento no procedemento de adxudicación do contrato de
**SUBMINISTRACIÓN , EN RÉXIME DE ALUGUEIRO DE STANDS, MOQUETA E
CARPAS PARA A CELEBRACIÓN DE EXPO ORDES E FESTA DOS MAIORES 2018.**

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.
2. Que conta coa habilitación empresarial esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
3. Que reúne os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional prevista no prego de cláusulas administrativas para concorrer á licitación.
4. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen a licitación, os cales acepta na súa integridade.
5. Non ser adxudicataria ou participar na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresarias e/ou empresarios.
6. Que autorizo a que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen por unha calquera das formas seguintes:

Fax: _____ .

Enderezo electrónico: _____ .

(Lugar, data e sinatura do proponente)

En caso ningún presentaranse neste sobre documentos ou datos relativos aos criterios avaliados automaticamente. A súa inclusión dará lugar á exclusión da oferta.

A presentación de proposicións presume por parte da persoa licitadora a aceptación non condicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co Concello de Ordes.

A persoa en cuxo favor recaía proposta de adxudicación do contrato deberá achegar ao órgano de contratación, no prazo de dez (10) días hábiles desde que se lle requira, a documentación administrativa que se relaciona de seguido. A non presentación da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

documentación ou a insuficiencia da mesma determinará a exclusión á licitación e realización de proposta de adxudicación ao seguinte licitador que realice proposta economicamente máis vantaxosa para a Administración, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades en que puidese incurrir o licitador.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá esixir dos licitadores, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que acheguen a documentación que se relaciona acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatario/a do contrato.

O licitador proposto como adxudicatario (exclusivamente), previo requirimento do órgano de contratación, deberá presentar a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein y Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas se acreditará mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-5) Empresas no comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo o indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

B) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos nos que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

C) Bastanteo de poderes: os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a Empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D. Con DNI
e domicilio en provincia de
rúa n^o , en nome propio ou en representación da empresa
á que representa no procedemento de adxudicación do
contrato (Título)

Declaro que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas nos artigos 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declaro que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios aos que refírese o art. 75 do TRLCSP e a solvencia técnica mediante calquera dos medios sinalados no artigo 77 do citado corpo legal.

F) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultaren adjudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

G) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos aos que se refire o art. 145 do TRLCSP, se presentará necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

H) Compromiso formal de que, de resultaren adjudicatario, achegarán ao expediente administrativo póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos posibles danos que se produzan ou poidan producirse a persoas e bens durante a duración do contrato, por importe mínimo de trescentos mil euros (300.000,00 €).

I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación de A Coruña.

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos aos que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as Empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial de A Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación provincial de A Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 de data 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos sinalados en los apartados: A), B), C) e D) sempre que os citados documentos estean vixentes.

J) Autorización para a cesión de información relativa ás obrigas tributarias e coa Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Axustarase ao seguinte modelo:

D. _____ con residencia _____
provincia de _____ calle _____ nº _____
segundo D.N.I. Nº _____ en nome propio ou da empresa
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato
(Título)

Autoriza á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social aos efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e a Le do Imposto de Sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

K) Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva, por importe do 5% do importe de adxudicación (IVE excluído).

L) Índice de documentos que integran el sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.7.2. Sobre B: Subtitulado "Documentación técnica".

A documentación técnica conterá os documentos onde se reflectan as características técnicas da oferta do licitador, en relación coa realización do obxecto do contrato, debendo incluír, en todo caso, o seguinte.

- Memoria de características técnicas e deseño das carpas a instalar, acompañada de planos, esquemas, fotos, bosquexos ou calquera outra documentación gráfica, debidamente asinada polo licitador, na que se determinen as características técnicas, estéticas e/ou de deseño, así como as medidas e demais elementos a subministrar.
- Acreditación de estaren en posesión de cantas certificacións procedan en canto á solidez dos elementos a instalar, e de ignifuxidade dos materiais empregados.
- Memoria de características técnicas e deseño dos stands e mobiliario a instalar, acompañada de fotos, bosquexos ou calquera outra documentación gráfica, debidamente asinada polo licitador, na que se determinen as características técnicas, estéticas e/ou de deseño, así como as medidas e demais elementos a subministrar.
- Declaración de dispor dos de medios persoais e materiais suficientes para a montaxe, desmontaxe e mantemento das carpas durante os días da feira.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Compromiso de cumprimento das datas propostas na montaxe e desmontaxe.

O licitador responderá da exactitude de todos os datos presentados.

12.7.3. Sobre C: Subtitulado "Proposta económica".

Proposición económica formulada conforme ao seguinte modelo:

D. _____, con domicilio en _____,
Provincia _____ Rúa _____ N° _____, en nome propio/ou da
empresa _____, con CIF _____ e domicilio fiscal en _____,
decatado das condicións que se esixen para a
adjudicación do contrato de subministración, en réxime de alugueiro, de stands, moqueta e
carpas para a celebración de Expo Ordes e Festa dos Maiores 2018, comprométese a tomar ao
seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións,
polos seguintes prezos:
Importe: _____ € (I)
IVE: _____ € (II)
Total: _____ € (III = I II)

Nos devanditos prezos inclúese calquera imposto ou gasto que sexa de aplicación ao presente contrato, excluído o IVE que figura como partida independente.

(Lugar, data, firma e selo da empresa)

(1) Os prezos deberán estar expresados en cifra e en letra.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións do órgano de contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 15.1.B) do presente prego, onde se sinalará o prazo para emendar.

13. Criterios de adjudicación. Negociación.

13.1. Órgano encargado da negociación: O órgano encargado da negociación que terá carácter colexiado e cuxa composición será a seguinte:

- Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente ou membro da Corporación en quen delegue.
- Secretaria: Pilar Rey Rodís, funcionaria do Concello.
- Vogais:
 - D. Juan Luis González Iglesias, Secretario do Concello.
 - D. Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor do Concello.

13.2. Mesa de contratación: é o órgano encargado de formular a proposta de adjudicación, terá carácter colexiado e a seguinte composición:

- Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente ou membro da Corporación en quen delegue.
- Secretaria: Un funcionario/a do Concello.
- Vogais:
 - D^a. Ana María Soneira Liñares, Concelleira.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- D. Juan Luis González Iglesias, Secretario do Concello.
- D. Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor do Concello.

13.3. Criterios de adxudicación: Os criterios para a adxudicación do contrato serán os seguintes:

- Oferta económica: ata 70 puntos.

Valorarase con cero puntos a oferta que se presente polo prezo de licitación e con 70 puntos a oferta que presente o importe máis baixo, e para o resto actuarase do modo seguinte: determinarase o importe da diferenza existente entre o orzamento base de licitación establecido e a oferta presentada pola persoa licitadora e puntuarase proporcionalmente, mediante a fórmula seguinte:

$$P_i = 70 \times \{(VI - V_i) / (VI - V_m)\}$$

Sendo:

P_i = puntuación de cada licitador.

VI = valor do orzamento base de licitación establecido pola Mancomunidade.

V_i = valor de la oferta presentada por cada licitador.

V_m = valor máis baixo.

- Calidade técnica e deseño da carpa a instalar: ata 15 puntos.

Valorarase a solidez da estrutura e cuberta, o seu deseño, o estado de conservación, antigüidade, integración no entorno urbano.

Acreditarase mediante a presentación de fotografías, planos, fichas de características técnicas e canta outra documentación técnica complementaria que se considere idónea ou oportuna para acreditar este criterio.

Este criterio valorarase de forma comparativa en función das características do equipamento ofertado polos empresarios admitidos a licitación.

- Calidade técnica dos stands e do mobiliario a instalar nos mesmo: ata 15 puntos.

Avaliarase os materiais, acabados e o deseño (orixinalidade, innovación, iluminación, estética, funcionalidade, ...) dos mesmos en función da súa contribución á mellora da imaxe da Feira.

Acreditarase mediante a presentación de fotografías, fichas de características técnicas e canta outra documentación técnica complementaria que se considere idónea ou oportuna para acreditar este criterio.

Este criterio valorarase de forma comparativa en función das características do equipamento ofertado polos empresarios admitidos a licitación.

13.4. Criterios de negociación.

O único criterio para a negociación do contrato será o seguinte: Oferta económica.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

13.5. Negociación. O órgano encargado da negociación negociará cos contratistas as proposicións que estes presenten para adaptalas aos aspectos obxecto de negociación co fin de identificar a oferta máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación.

14. Procedemento.

A negociación articularase en tres fases:

1. Nunha primeira fase o órgano encargado da negociación avaliará as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

2. Nunha segunda fase o órgano de contratación comunicará a cada licitador a través da dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións indicada no sobre A) “Documentación”, en que posición está, especificando as puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas, sen que en ningún caso poida divulgarse a identidade das persoas licitadoras.

A continuación convidará a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican na cláusula 13.4. (criterios de negociación).

Os licitadores deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada.

As novas proposicións deberán sempre concretar a oferta que se realiza, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador nos criterios establecidos.

No procedemento facilitarase a mesma información a todos os licitadores. En ningún caso se proporcionará información particular que poida supor unha vantaxe para algún licitador en detrimento das outras. Co fin de garantir o principio de igualdade, o órgano de contratación habilitará o sistema que crea máis adecuado para dar publicidade de todas as consultas que se formulen ao longo do procedemento, e das correspondentes respostas, a todas as persoas interesadas outorgando un código alfanumérico a cada un dos licitadores.

En calquera momento do procedemento, o órgano de contratación poderá requirir aos licitadores que aclaren determinados aspectos da súa oferta, sen que poidan modificar nas súas aclaracións os elementos substanciais desta, e sempre que non se falsee a competencia.

3. Nunha terceira fase o órgano encargado da negociación realizará a valoración definitiva e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, excepto no caso de que se constituíse Mesa de Contratación con carácter voluntario, nese caso corresponderalle a este órgano realizar a proposta de contratación.

Todas as actuacións que leven a cabo durante a negociación remitiranse ao órgano encargado da tramitación do expediente de contratación.

14.1. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

14.1.1. Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.5.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o dito informe.

14.1.2. Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%
- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67
- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

14.1.3. Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta en función da documentación que presente o licitador no trámite de xustificación da oferta, ou na oferta xa presentada, os seguintes:

Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá a carta de compromiso dos provedores, os prezos detallados e a relación detallada dos medios propios con indicación do seu custe individualizado ou prezo de venda ao público, tendo en conta a organización proposta e a metodoloxía de traballo.

14.2. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que existe erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

14.3. Criterios de desempate.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras, das que empataran canto á proposición máis vantaxosa, acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

14.4. Renuncia.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do subministro, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución do subministro, f) a recepción, ...etc. faculta á Corporación a que proceda para incautar a garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias establecidas no TRLCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 15.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o art. 152.3

15. Responsable do contrato.

No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo órgano competente da Corporación, no caso de ser necesario, a designación do responsable do contrato e, naqueles casos en que o nomeamento de técnico responsable do contrato se realice mediante contrato de servizos, logo da tramitación do correspondente expediente de contratación.

16. Adxudicación.

16.1. Clasificacións das proposicións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Concluída a fase de negociación, a Mesa de Contratación, nos casos en que se constituíse ou o órgano encargado da negociación propondrá ao órgano de contratación a adxudicación ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa.

16.2. Unha vez formulada a proposta de adxudicación, o órgano de Contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento de presentación da documentación establecida na cláusula 12.7.1., así como de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa la Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación disto, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a reclamar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Ao tratarse dun procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 151 do TRLCSP, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, se notificará aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, se publicará no perfil de contratante.

A presentación das ofertas vincula aos licitadores coa administración de xeito que a renuncia á adxudicación do contrato realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta á Corporación para que proceda a esixencia de danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas na normativa vixente de contratación pública. Tendo en conta que os licitadores están dispensados de constituír a garantía provisoria, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como a indemnización por danos e perdas.

En calquera caso a indemnización mínima esixible será o 3 por cento do prezo de licitación (IVE excluído).

17. Renuncia ou desistencia.

Corresponde ao órgano de contratación por razóns de interese público debidamente xustificadas renunciar a celebrar un contrato antes da adxudicación provisoria. Tamén poderá desistir da adxudicación antes da adxudicación provisoria cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

O órgano de contratación compensará aos licitadores polos gastos nos que tivesen incorrido debidamente xustificadas, até un máximo de 100,00 €.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

18. Formalización do contrato.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa conta os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Toda vez que o presente contrato non é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP.

19. Dereitos do contratista.

O contratista terá dereito:

- Ao abono de facturas unha vez recibidos os traballos. As facturas reunirán os requisitos establecidos no R.D. 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e modifícase o Regulamento do IVE, e o seu pago realizarase tendo en conta o previsto na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, para a súa adecuación á Directiva Europea. O adxudicatario terá a obriga de presentar a factura expedida no Rexistro xeral do Concello de Ordes e, de ser o caso, cumprindo co disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. Para estes efectos infórmase que os órganos administrativos que interveñen na presente contratación son:

ÓRGANO XESTOR: ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	
DENOMINACIÓN	Xunta de Goberno Local
CÓDIGO DIR3	L01150597
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)
UNIDADE TRAMITADORA: CENTRO DIRECTIVO PROMOTOR DEL CONTRATO	
DENOMINACIÓN	Concellería delegada de cultura, festas, mantemento e servizos.
CÓDIGO DIR3	L01150597
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)
OFICINA CONTABLE: ÓRGANO QUE TEN ATRIBUÍDA A FUNCIÓN DE CONTABILIDADE	
DENOMINACIÓN	Intervención
CÓDIGO DIR3	L01150597
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)
ÓRGANO DESTINATARIO DO OBJETO DO CONTRATO	
DENOMINACIÓN	Concellería delegada de cultura, festas, mantemento e servizos.
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)

De conformidade co apartado 4 do artigo 216 do TRLCSP, o Concello deberá abonar o importe das facturas dentro do prazo dos 30 días seguintes á data dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato de servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4 do TRLCSP, e de demorarse, deberá abonar ao contratista, a partires do cumprimento do dito prazo, os xuros de mora e a indemnización polos custes



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que teña lugar o inicio do cómputo do prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá ter cumprida a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da efectiva prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1 do TRLCSP, o Concello deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se a persoa contratista incumpriña o prazo de trinta días para presentar a factura ante o Rexistro, a devindicación de xuros non se iniciará ate transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, de proceder esta, e efectuado o correspondente abono.

- Ao abono dos xuros de demora e á indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.
- A suspender o cumprimento do contrato por demora no pago das facturas conformadas superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia a efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de devandita suspensión, nos termos establecidos no artigo 99.5 do TRLCAP.
- Se a demora da Administración fose superior a oito meses contados a partir do vencemento do prazo de dous meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso orixínenselle, segundo o establecido no artigo 99.6 da TRLCAP.
- A ceder ou subcontratar o contrato nos termos regulados nos artigos 226 a 228 do TRLCSP.
- Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.
- Á devolución da garantía definitiva, unha vez realizado o servizo, aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía sen que resultasen responsabilidades que houberen de exercitarse sobre a mesma.
- A exercitar o dereito á resolución do contrato polas causas recollidas no art. 223 do TRLCSP, cos efectos sinalados no art. 225 da mesma Lei.
- A percibir indemnizacións por danos e prexuízos derivados da resolución do contrato por incumprimento da Administración.

20. Deberes do contratista



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O contratista estará obrigado a:

- Executar o contrato de conformidade co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.
- Subministrar, montar, desmontar e manter os bens que se contratan conforme ás características técnicas descritas nos pregos e na súa oferta.
- Sufragar os gastos de transporte, montaxe, mantemento e desmontaxe dos bens, así como os que fosen precisos en orde á súa posta en servizo, e para probas de instalación.
- Obter, da súa conta, as autorizacións e certificados de posta en uso das instalacións que foran precisos, dos organismos competentes, as cales deberán presentar a requirimento da dirección técnica.
- Corrección das anomalías no intervalo de tempo que medie entre o peche das instalacións e o inicio do día seguinte.
- Realizar as revisións, reparacións e reempazamento de compoñentes que sexan necesarios para o perfecto uso re funcionamento dos elementos instalados.
- Presentar, a requirimento do Concello, cantas certificacións se soliciten no relativo a seguridade, estabilidade, solidez e ignifuxidade dos materiais empregados.
- Entregar a carpa en perfecto estado de limpeza, non empregando lonas que presenten manchas ou decoloracións que supoñan unha merma no ornato.
- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, en por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas Leis.
- Serán a cargo do contratista o pago dos anuncios e de cantos outros gastos ocasiónense con motivo dos actos preparatorios e de formalización do contrato.
- Todos os gastos de comprobación, dirección, inspección e liquidación do contrato serán así mesmo por conta do contratista.
- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- O órgano de contratación adquirirá a propiedade intelectual dos traballos realizados con motivo da subministración e servizos obxecto do contrato.
- O contratista deberá cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Aboar os impostos, dereitos, taxas, compensacións, prezos públicos e demais gravames e exaccións que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, con ocasión ou como consecuencia do contrato ou da súa execución.
- Aboar calquera outro gasto que, para a execución do obxecto do contrato, estea incluído no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e no de Cláusulas Administrativas Particulares específicas.
- Respetar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, consonte ao disposto no artigo 124.2 da LCSP.

21. Execución do contrato

21.1. O prazo de montaxe das instalacións será tal que estean en condicións de uso e funcionamento, axeitadas e regulamentarias, o día 26 de abril. A desmontaxe farase en dúas fases:

- Nunha primeira fase, levará a cabo a desmontaxe dos stands e mobiliario interior, e limpeza do espazo de xeito que as carpas queden en condicións de seren utilizadas para a celebración da Festa dos maiores 2018.
- Nunha segunda fase deberá proceder á desmontaxe da estrutura e elementos das carpas nun prazo máximo de tres días desde o remate da Festa dos Maiores 2018.

21.2. A dirección dos traballos corresponderá ao facultativo nomeado pola Administración, o cal será o responsable da comprobación e vixilancia da súa correcta realización.

21.3. O contratista obrígase á realización da subministración e á montaxe, mantemento e desmontaxe das instalacións e elementos que se contratan, podendo designar a un delegado que, aceptado pola dirección facultativa, teña capacidade para:

- Ostentar a representación do contratista cando sexa precisa a súa actuación ou presenza nos actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha dos traballos.
- Organizar a execución dos traballos e interpretar e poñer en práctica as ordes recibidas da dirección facultativa.
- Colaborar coa dirección facultativa, realizando proposicións para a resolución dos problemas que se prantexen durante a execución.

21.4. Rematada a montaxe e demontaxe das instalacións levantarase sendas actas de conformidade pola dirección facultativa. Se a montaxe ou a desmontaxe non estivese conforme ao esixido nos pregos e co ofertado polo contratista farase constar así na acta, dándose instrucións precisas e detalladas para remediar os defectos observados, fixando un prazo para efectualo, expirado o cal farase un novo recoñecemento. De non ter cumprido o contratista declararase resolto o contrato, a non ser que o órgano de contratación crea procedente conceder un novo prazo, o cal será improrrogable.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

22. Modificación do contrato

En virtude do establecido no artigo 219 do TRLCSP, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. Estas modificacións non poderán afectar ás condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato deberán formalizarse consonte ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

23. Suspensión do contrato.

Se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216 do TRLCSP, se levantará unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

24. Causas de resolución.

Procederá a resolución do contrato nos casos previstos nos artigos 223 e 299 do TRLCSP e nas condicións e cos efectos sinalados no artigo 300 da citada norma.

Cando o contrato se resolva por culpa do adxudicatario lle será incautada a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización, de ser o caso, polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe de aquela.

Xunto coa imposición de multas na forma e contía previstas, o Concello poderá, nos supostos de grave incumprimento polo contratista das súas obrigas contractuais, optar pola resolución do contrato, coa incautación da garantía definitiva.

25. Responsabilidade do contratista

O contratista será responsable dos vicios ou defectos do contrato até o remate do prazo de garantía, co dereito do Concello de Ordes a reclamar a reposición da mesma que resulte inaxeitada ou a súa reparación cando esta sexa insuficiente.

26. Prazo de garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía dun mes, a contar desde a data da acta de recepción final, prazo durante o cal o Concello poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularan reparos aos traballos efectuados quedará extinguida a responsabilidade do contratista, procedéndose á devolución da garantía definitiva.

27. Sancións

Se o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en mora respecto ao prazo de montaxe ou instalación, ou ao de desmontaxe de instalacións, ou ao concedido na acta de recepción para a emenda de defectos, o órgano de contratación poderá optar indistintamente



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de sancións na forma e proporción que sinala o artigo 212.4 do TRLCSP.

A constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte do Concello.

De producirse o retraso por motivos non imputables ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización por danos e prexuízos aos que poida ter dereito a Administración, orixinados pola demora do contratista.

28. Tramitación das sancións

Para a imposición de sancións tramitarase expediente, no que se dará audiencia ao contratista por prazo de dez días, sendo competente para a imposición da sanción o órgano de contratación.

Unha vez firme en vía administrativa a sanción imposta procederase ao seu cobro en período voluntario. Se transcorrido o dito prazo non foi aboada, deducirase da factura e, de non ser isto posible, detraerase da garantía definitiva.

29. Inalterabilidade das cláusulas

Queda expresamente prohibida a modificación polo contratista das cláusulas contidas no presente prego e no de prescricións técnicas, así como de calquera dos documentos contractuais, excepción feita das melloras que oferte ao contrato.

30. Xurisdición competente

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e contra os mesmos haberá lugar ao recurso de reposición con carácter potestativo fronte ao mesmo órgano que dita a resolución que se impugna, e en todo caso ao recurso contencioso administrativo, consonte ao disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

26. Normas complementarias

No caso de discordancia entre o establecido no Prego de Prescricións Técnicas e no presente de Cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

No non previsto no presente prego de cláusulas administrativas estarase ao disposto no de prescricións técnicas, no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime local, e demais normas que as desenrolen ou complementen.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DA SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO, DE STANDS, MOQUETA E CARPAS PARA A CELEBRACIÓN DE EXPO ORDES E FESTA DOS MAIORES 2018.

1. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a subministración, en réxime de alugueiro, de stands, moqueta e carpas necesarios para a celebración de Expo Ordes e Festa dos Maiores 2018, así como o seu montaxe e desmontaxe no campo da Feira da Vila de Ordes.

2. Características mínimas:

1500 m² de stand modular coas seguintes características:

- Estructura xeral de aluminio anodizado na súa cor a 3 m de altura.
- Teito con cruceta de aluminio para suxeición e ubicación da iluminación.
- Paneis de melamina en cor estándar (vermello, azul, amarelo, faia, verde, negro).
- Frontis das mesmas características do cor do panel con rótulo en letra estándar sobre cartela branca.
- Instalación eléctrica segundo as normas de baixa tensión, consistente en cadro eléctrico, composto por diferencial, magnetotérmico e enchufe de 500W.
- Iluminación mediante spots de 300W sobre carril a razón de 50w/m².

Deseño e montaxe de stand para o Concello de Ordes.

150 m² de tarima elevada nivelante con altura mínima de 20 cm. Sobre o solo para o espazo "Ordes eventos".

Mobiliario mínimo:

- 15 mesas redondas.
- 10 mesas rectangulares.
- 39 cadeiras.
- 13 taburetes.
- 40 mostradores.
- 2 mostradores-expositores.
- 15 estanterías normais
- 13 estanterías con baldas inclinadas.
- 1 vitrina alta.

100 ml de panel modular para cerramento.

Carpas (2): 1.500 m² cada carpa a dúas augas (30x50), unidas entre si.

3000 m² de moqueta feiral ignífuga cor a elixir pola organización para corredor e stands.

3. A totalidade das instalacións deberán estar operativas o 27 de abril, celebrándose a Feira Expoordes os días 27, 28 e 29 de abril, e a Festa dos Maiores 2018 o día 5 de maio.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

4. O adxudicatario virá obrigado a realizar da súa conta a instalación que incluírá todos os elementos auxiliares necesarios que, pola súa pouca entidade e dificultade de definición previa, non figuren expresamente na composición da subministración.
5. Así mesmo, serán da súa conta os gastos de transporte, desmontaxe das instalacións, outorgamento de autorizacións e calquera outro necesario para levar a cabo o obxecto do contrato.
6. Cando así o esixa a natureza do seu obxecto por requirir a intervención de traballadores suxeitos a un especial risco para a seguridade e a saúde na súa realización, ben sexa físico, psicofísico, químico ou biolóxico, o adxudicatario deberá presentar un plan de seguridade e saúde. No dito plan recolleranse, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Control de accidentes ou enfermidades profesionais.
 - Determinación da persoa encargada da vixilancia e seguimento do Plan.

A iniciación do contrato quedará subordinada á aprobación do Plan de seguridade e saúde polo órgano de contratación, previo informe favorable do mesmo emitido por técnico competente.

7. De estimarse conveniente realizar un programa de traballo este deberá ser aprobado polo órgano de contratación, ao mesmo tempo que se aproben os documentos da solución elixida, fixándose os prazos parciais correspondentes.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste programa, seguindo as instrucións que, para estes efectos, reciba.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Al objeto de proceder a la contratación por procedimiento negociado, por razón de la cuantía, tramitación ordinaria, del contrato de **SUBMINISTRO ALQUILER, MONTAJE Y DESMONTAJE DE STANDS, MOQUETA Y CARPAS PARA LA CELEBRACIÓN DE EXPO ORDES Y FIESTA DE LOS MAYORES 2018**, por importe de **60.300,00 euros (49.834,71 € precio + 10.465,29 € iva)**, adjunto remito pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas, que regirán su contratación, indicándole que dispone de un plazo de **OCHO DÍAS NATURALES**, a contar desde el siguiente al de publicación de la convocatoria de la licitación en el perfil del contratante del ayuntamiento de Ordes (<http://concello.ordes.gal/perfil-do-contratante>) para la presentación de una oferta para concurrir a la licitación.

Ordes, 16 de febrero de 2.018

El Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

FERIAS Y EVENTOS, S.L.

Polígono Industrial La Campiña, rúa Comunidad de Madrid, 5, Écija, SEVILLA

LANGREANA DE KARPAS, S.L.,

Polígono Industrial Riaño III, parcela 42, 33920, Langreo, Asturias

IBERSTAND, S.L.

Polígono Ind. LA CÁRDENA, c/ Euskadi, s/n, C.P.:45221 Esquivias (TOLEDO)

MECOFER, S.L.

C/ Barcala, nave 7, El Temple, Cambre, 15679, A Coruña

MARIA DOLORES MARTINEZ-VARA DEL REY, S.A. (MARVA)

C/ Elfo, 138, 28027, Madrid